



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 29 de outubro de 2025, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/12010

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Literatura Española

Departamento: Letras

Centro: Facultade de Filoloxía

Tras analizar a documentación da praza 25/12010, as reclamacións presentadas por D. Marcos García Pérez, D. Daniel González Gallego e D^a Noelia Suárez García, os informes emitidos pola Comisión de selección e a proposta revisada enviada pola Comisión de selección que estima a reclamación realizada por D. Daniel González Gallego no relativo á baremación do punto I.4 Outras titulacións universitarias e a realizada por D^a Noelia Suárez García no relativo á valoración do punto III.4 Estadías pre e posdoutorais, a Comisión de reclamacións acorda:

- desestimar a reclamación presentada por D. Marcos García Pérez na súa totalidade
- desestimar a reclamación presentada por D. Daniel González Gallego no relativo á valoración dos méritos do bloque II
- estimar a reclamación presentada por D. Daniel González Gallego no relativo á valoración dos méritos do bloque III debendo a Comisión de selección elaborar un informe en que desglose como foi valorado cada un dos méritos, con indicación expresa de se se trata dun mérito considerado pertencente á especialidade de coñecemento da praza obxecto de concurso, de especialidade afín ou non afín, así como os eventuais coeficientes de ponderación que lle foron aplicados no marco dos criterios específicos permitidos polo Baremo da *Normativa pola que se regula o procedemento de selección do persoal docente e investigador* (aprobada polo Consello de goberno o 7/11/2024) pois os fixados con este carácter pola Comisión de selección teñen tal carácter xenérico ("vinculación coa área de coñecemento, número de autores/as, indexación da revista nas bases de datos especializadas") que en ningún caso permite inferir como foron aplicados
- estimar a reclamación de D^a Noelia Suárez García no relativo á valoración do seu contrato posdoutoral
- desestimar a reclamación de D^a Noelia Suárez García nos restantes aspectos non atendidos pola Comisión de selección na súa revisión
- solicitar da Comisión de selección a rectificación dun erro material na valoración dos títulos de mestrado no punto I.1 Expediente académico pois, conforme ao establecido no Baremo para a selección do profesorado axudante doutor, substituto e asociado (anexo I da *Normativa pola que se regula o procedemento de selección do persoal docente e investigador*) a nota media deberá multiplicarse por 5



- solicitar da Comisión de selección o envío dunha nova proposta de provisión e da correspondente folla Excel que teñan en conta as reclamacións estimadas por esta Comisión
- facer público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández